

**13555** *LEI 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos.* («BOE» 178, do 27-7-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### PREÁMBULO

O emprego de sementes e plantas de viveiro é un factor básico para a actividade agraria, por constituír un dos investimentos con efecto multiplicador máis elevado, pola súa significativa e positiva incidencia na capacidade produtiva, resistencia a axentes adversos e calidade das colleitas. Mediante as sementes e plantas de viveiro lógrase, ademais, unha transferencia plena de tecnoloxía de vanguarda desde o laboratorio de investigación ao campo de cultivo.

A obtención de novas variedades converteuse nunha actividade altamente especializada, que demanda elevados investimentos e require amplos períodos de tempo e equipos humanos pluridisciplinares e especialmente cualificados para a súa realización. Estas circunstancias e a mutua dependencia entre os sectores relacionados coas sementes e plantas de viveiro, a saber, obtentores de variedades, produtores e comerciantes de sementes e plantas de viveiro, agricultores, industrias agroalimentarias, distribuidores e consumidores, fan necesaria unha regulación adecuada e equilibrada das actividades máis importantes nesta materia para que queden claramente definidos os dereitos e obrigas de cada sector.

Esta regulación das diferentes actividades referidas ás sementes e plantas de viveiro require o desenvolvemento dunha completa normativa legal. Esta normativa legal débese desenvolver en tres vertentes fundamentais: a referente á obtención, caracterización e avaliación das variedades vexetais e ao Rexistro de variedades comerciais; a correspondente á produción e comercialización das sementes e plantas de viveiro, e, por último, intimamente relacionada coa primeira, a referente aos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación.

A lexislación vixente en relación coas sementes e plantas de viveiro é froito do desenvolvemento da Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro. Este marco xurídico sufriu moitas modificacións como consecuencia da incorporación ao noso ordenamento xurídico das directivas comunitarias nesta materia. Por outro lado, a distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas derivada da Constitución e dos estatutos de autonomía, na interpretación dada polo Tribunal Constitucional en diversas sentenzas na materia, exige a clara determinación das competencias do Estado. Todo isto aconsella substituír a dita lei por unha nova norma legal que dea coherencia ao dereito español nesta materia.

A renovación do marco legal de regulación das sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos comezou coa aprobación da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais, modificada pola Lei 3/2002, do 12 de marzo, que regulou o procedemento e as normas aplicables ao recoñecemento da titularidade sobre as obtencións vexetais, a través da súa inscrición no Rexistro de variedades protexidas. Esta lei completa a renovación do réxime xurídico das sementes e plantas de viveiro ao establecer os requisitos exixibles para a súa comercialización, entre os cales se encontra a súa inscrición no Rexistro de variedades comerciais.

Entre o Rexistro de variedades protexidas, cuxa xestión é competencia da Administración xeral do Estado, de acordo coa Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais, e o Rexistro de variedades comerciais que se regula nesta lei, existe unha relación moi estreita en canto aos seus fins e aos traballos que se deben desenvolver para a inscrición de variedades tanto nun coma noutro rexistro.

No Rexistro de variedades protexidas inscríbense aquelas variedades para as cales se concede un dereito de propiedade ao seu obtentor, que se traduce nunha exclusividade de produción e comercialización para o dito obtentor. Esta exclusividade non se pode exercer se non ten lugar a autorización de comercialización, que se logra a través da inscrición no Rexistro de variedades comerciais.

Os exames que se deben levar a cabo tanto no campo coma no laboratorio para definir as variedades son idénticos en ambos os rexistros, polo que se unha variedade xa foi protexida ou inscrita no Rexistro de variedades protexidas, non require a súa repetición para a súa inscrición no Rexistro de variedades comerciais. Tan só nalgunhas especies é preciso un novo tipo de ensaios adicionais, os chamados de valor agronómico, que achegan información sobre as vantaxes agronómicas da variedade en relación coas existentes en todo o territorio español.

Consecuentemente, a atribución ao Estado dunha competencia executiva como é a da admisión e rexistro das variedades comerciais, mediante o exame de cada unha das que o obtentor ou solicitante presente, cos estudos, ensaios e probas realizadas en campo ata comprobar que é unha variedade distinta, homoxénea e estable, exige o maior grao de homoxeneidade que só pode ser garantida pola atribución a un único titular da competencia e que forzadamente debe ser o Estado.

A dificultade vén determinada pola natureza da materia, que impide ou faría dificilmente fraccionable a actividade pública que non se refire a aspectos de mera constatación de requisitos formais, senón ao comportamento de seres vivos que van superar unha serie de probas e dispoñer, unha vez admitidos ou autorizados para a súa comercialización e inscritos nun rexistro nacional, unha denominación única ou nome comercial da variedade e un compromiso de conservación en condicións idóneas por parte do solicitante que garantan permanentemente a súa distinción, a súa estabilidade e a súa homoxeneidade.

No título II regúlanse as variedades comerciais e o seu rexistro, que se deben levar a cabo mediante probas e traballos estreitamente relacionados coas que se realizarán para o Rexistro das variedades protexidas, o que exige unha aproximación entre ambos os réximes e rexistros. De acordo con isto, o título II desta lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva estatal derivada do artigo 149.1.9.<sup>a</sup> da Constitución en materia de lexislación sobre propiedade intelectual e industrial, no que respecta ás actuacións que culminarán na inscrición da variedades comerciais.

Por iso, a xestión de ambos os rexistros débese encomendar á mesma autoridade e non só para evitar duplicidade de traballos, senón por coherencia coa finalidade de ambos os rexistros.

En relación coa produción e comercialización de sementes e plantas de viveiro, débese conseguir que as empresas produtoras de sementes e plantas de viveiro se responsabilicen cada vez máis da súa propia actividade, a través dos controis internos que elas mesmas establezan.

Así mesmo, é necesario evolucionar en materia de control oficial, en liña coas orientacións da Unión Europea, para propiciar un maior compromiso das empresas produtoras de sementes e plantas de viveiro.

As garantías que a lei lles ofrece aos agricultores benefician en igual medida os consumidores finais que adquiren sementes e plantas de viveiro para usos alleos a calquera actividade empresarial ou comercial.

Desde que os primeiros agricultores iniciaron a súa actividade e obtiñan materiais moi distintos, en lugares diversos, como causa dos diferentes ambientes e das diferenzas dos materiais de partida, contribuíndo á conservación e ao desenvolvemento dos recursos fitoxenéticos, ata a época actual, os recursos fitoxenéticos foron e son a fonte de todos os materiais de reprodución dispoñibles.

En primeiro lugar, pola aplicación dunha selección empírica, e en segundo lugar, pola aplicación de técnicas moi diversas e de complexidade crecente, encadradas no que se coñece como mellora xenética vexetal, a obtención de variedades ten como base fundamental os recursos fitoxenéticos; de aí a súa íntima relación.

Isto obriga a regular nunha disposición con rango de lei a xestión e a protección dos recursos fitoxenéticos, para conservar e promover a utilización sustentable dos ditos recursos, ampliar a base xenética dos cultivos, variedades e especies, fortalecer a investigación que promova e conserve a diversidade biolóxica e fomentar a creación de vínculos estreitos entre a mellora xenética e o desenvolvemento agrícola. Estas disposicións enmárcanse no Tratado Internacional sobre os Recursos Fitoxenéticos para a Alimentación e a Agricultura en harmonía co Convenio sobre a diversidade biolóxica.

Esta lei regula, así mesmo, as taxas derivadas da realización de ensaios e outras actividades precisas para a inscrición no Rexistro de variedades comerciais, e establece un réxime sancionador eficaz e disuasorio no cal se delimitan con claridade as responsabilidades concorrentes.

Para unha mellor ordenación do sector e o establecemento dun mercado dinámico e transparente, dada a complexidade das distintas materias reguladas nesta lei, cuxas competencias lle corresponden ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e son exercidas pola Oficina Española de Variedades Vexetais, faise preciso contar cos medios técnicos, humanos e materiais idóneos, que permitan desenvolver con garantías os longos procedementos administrativos de inscrición de variedades, os deseños dos ensaios, a posta ao día dos protocolos de realización destes, a continua incorporación ao noso dereito positivo de directivas comunitarias sobre as materias propias da lei, e a estreita e imprescindible colaboración coas comunidades autónomas e coa Unión Europea. Esta estreita colaboración require frecuentes intercambios de información, imprescindibles para o correcto exercicio das competencias da Administración central, das comunidades autónomas e da Unión Europea, sendo necesario o uso de sistemas informáticos que permitan a transmisión de datos en tempo real.

Por último, dispónse a creación de órganos colexiados en materia de sementes e plantas de viveiro e en relación coa conservación e utilización dos recursos fitoxenéticos. A coordinación, de acordo coas súas respectivas competencias, das diversas administracións e autoridades que interveñen neses procesos e a necesidade de contrastar as opinións dos expertos fai precisa a creación de órganos colexiados de estudo e proposta das decisións de política xeral en materia de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación e de ordenación e coordinación das actividades relacionadas coa dita materia.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto establecer o réxime xurídico aplicable á produción destinada á comercialización e á comercialización das sementes e plantas de viveiro, regu-

lar as condicións de conservación e utilización dos recursos fitoxenéticos e determinar o procedemento de inscrición das variedades comerciais no correspondente rexistro.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O ámbito de aplicación desta lei comprende as sementes e plantas de viveiro de todos os xéneros e especies vexetais, incluídos os fungos.

#### Artigo 3. *Concepto de sementes, plantas de viveiro e variedades.*

1. Enténdese por sementes os elementos que, botánica ou vulgarmente, se designan con este nome e cuxo destino é o de reproducir a especie ou establecer cultivos, así como os tubérculos, bulbos e outros órganos e material vivo que se utilicen con tales fins.

2. Enténdese por plantas de viveiro as plantas enteiras e partes de plantas destinadas ao establecemento de plantacións, así como os materiais vexetais non incluídos na definición de sementes e que se utilicen para a reprodución ou multiplicación, incluídos os clons.

3. Enténdese por variedade ou cultivar o conxunto de plantas dun só taxon botánico do rango máis baixo coñecido, que poida:

a) Definirse pola expresión de determinados caracteres morfolóxicos, fisiolóxicos, citolóxicos, químicos, bioquímicos ou outros de carácter agrícola ou económico, resultantes dun certo xenotipo ou dunha certa combinación de fenotipos.

b) Distinguirse de calquera outro conxunto de plantas pola expresión dun dos ditos caracteres polo menos.

c) Considerarse como unha unidade, tendo conta a súa aptitude para propagarse sen alteración.

4. Enténdese por conxunto de plantas o formado por plantas enteiras ou partes de plantas, sempre que estas partes poidan xerar plantas enteiras.

5. Enténdese por variedade de conservación aquela que, para a salvagarda da diversidade biolóxica e xenética, constitúe un patrimonio insubstituíble de recursos fitoxenéticos, o que fai precisa a súa conservación mediante o cultivo e comercialización de sementes ou de plantas de viveiro de ecotipos ou variedades autóctonas adaptadas naturalmente ás condicións locais e rexionais ameazadas pola erosión xenética.

## TÍTULO II

### Variedades comerciais

#### CAPÍTULO I

##### Rexistro de variedades comerciais

#### Artigo 4. *Inscrición no Rexistro de variedades comerciais.*

1. No Rexistro de variedades comerciais, xestionado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, anotaranse as solicitudes de inscrición, a especie botánica, as denominacións varietais, as resolucións de inscrición de variedades, as cancelacións, as renovacións e cantas circunstancias se determinen regulamentariamente.

2. As disposicións deste título serán de aplicación a todos os xéneros e especies de importancia económica na agricultura e industrias derivadas e para aquelas outras para as cales unha norma comunitaria así o dispoña, e

abranguerá todas as variedades e, no caso de híbridos ou de variedades sintéticas, os seus compoñentes.

3. Para a inscrición das variedades modificadas xeneticamente será necesario que a modificación xenética dispoña da autorización de comercialización e cultivo na Unión Europea.

4. Para a inscrición no Rexistro de variedades comerciais de variedades de especies forestais será necesario que o material de base do cal procedan fose autorizado conforme a súa normativa específica e estea incluído no Catálogo nacional de materiais de base.

#### Artigo 5. *Natureza da inscrición.*

1. A inscrición no Rexistro de variedades comerciais, que exige a conservación destas, é un requisito previo e obrigatorio para a produción destinada á comercialización e para a comercialización de sementes e plantas de viveiro, sempre que:

a) Se encontren publicadas as normas técnicas de inscrición para a especie de que se trate.

b) Non se trate dunha especie ou dunha categoría de sementes ou plantas de viveiro para a cal a regulamentación técnica específica ou unha norma comunitaria exceptúe o requisito da inscrición para a súa comercialización.

2. As sementes e plantas de viveiro de variedades incluídas no Rexistro de variedades comerciais non estarán suxeitas a ningunha restrición de comercialización, agás as que sexan consecuencia da existencia dun título de obtención vexetal e o establecido no artigo 6.

3. Non será necesaria a inscrición no Rexistro de variedades comerciais, para a súa comercialización, das seguintes variedades:

a) As incluídas nos catálogos comúns de variedades da Unión Europea agás o disposto no artigo 7.

b) As incluídas nos catálogos nacionais dos países membros da Unión Europea cando unha norma comunitaria o estableza expresamente para unha especie concreta.

4. Para eliminar dificultades temporais de fornecemento de sementes, e durante un período de tempo determinado, poderase autorizar, oídas as comunidades autónomas, a comercialización de sementes dunha categoría sometidas a requisitos menos estritos ou de sementes de variedades non inscritas no catálogo común ou no Rexistro de variedades comerciais.

#### Artigo 6. *Limitacións á comercialización de variedades inscritas no Rexistro de variedades comerciais.*

Poderanse establecer, con carácter excepcional, limitacións á comercialización de variedades polas razóns seguintes:

a) Fitosanitarias, ou cando existan indicios de riscos para a saúde humana ou sanidade animal, así como para o ambiente.

b) Agronómicas, que se establezan para aquelas variedades que soamente poidan ser utilizadas en determinadas zonas ou condicións de cultivo.

#### Artigo 7. *Limitacións á comercialización de variedades incluídas nos catálogos comúns de variedades da Unión Europea.*

Malia o disposto no artigo 5.3.a), poderase prohibir a utilización dunha variedade, en todo ou en parte do territorio nacional, mediante o procedemento establecido na lexislación comunitaria.

#### Artigo 8. *Excepción científica de experimentación e ensaios.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderalles autorizar aos produtores a comercialización de cantidades reducidas de sementes ou de plantas de viveiro de variedades non solicitadas que se produzan ou se importen con fins científicos ou de selección.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderalles autorizar aos produtores a comercialización de cantidades adecuadas de sementes ou de plantas de viveiro, destinadas á experimentación ou ensaios, de variedades para as cales fose solicitada a inscrición no Rexistro de variedades comerciais.

3. Cando se trate de sementes ou de plantas de viveiro de variedades modificadas xeneticamente, as autorizacións a que se refiren os puntos anteriores só se poderán conceder se se adoptaron todas as medidas necesarias para evitar efectos adversos para a saúde, a sanidade animal ou para o ambiente. Para a avaliación do risco ambiental seguirase o procedemento establecido na Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente.

## CAPÍTULO II

### Requisitos para a inscrición

#### Artigo 9. *Requisitos que debe cumprir a variedade para ser inscrita.*

1. Unha variedade poderá ser inscrita no Rexistro de variedades comerciais cando, sen prexuízo das demais formalidades previstas nesta lei, mediante o exame técnico se comprobe que:

a) É distinta.

b) É homoxénea.

c) É estable.

d) Posúe suficiente valor agronómico ou de utilización e así o exixan as normas técnicas de inscrición de variedades.

2. A avaliación dos requisitos de distinción, homoxeidade e estabilidade efectuarase de acordo co disposto na Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais.

3. As variedades modificadas xeneticamente deberán cumprir, ademais, un plan de seguimento.

4. Para ter en conta os avances que se produzan en relación coa conservación «in situ» e a utilización sustentable dos recursos fitoxenéticos, regulamentariamente estableceranse para as variedades de conservación requisitos menos estritos polo que respecta ao exame técnico.

#### Artigo 10. *Valor agronómico ou de utilización.*

Considérase que unha variedade ten un valor agronómico ou de utilización suficiente se, en comparación con outras variedades admitidas no Rexistro de variedades comerciais, o conxunto das súas calidades ao se cultivar nunha zona determinada representa unha clara mellora, ben sexa en relación co seu cultivo, a súa produtividade, a súa utilización ou a dos produtos que deriven dela. A inferioridade nalgúns dos seus caracteres agronómicos ou de utilización pode quedar compensada por outros que se presenten como favorables.



**Artigo 11. Denominación da variedade.**

1. Toda variedade será designada por unha soa denominación, que permita identificala sen risco de confusión con outras e destinada a ser a súa designación xenérica.

2. As denominacións varietais poderán adoptar a forma dun nome de fantasía ou dun código de identificación.

3. As regras en materia de denominación varietal para comprobar se unha denominación solicitada é ou non admisible serán as establecidas pola normativa comunitaria.

4. O rexistro da denominación e as regras para a súa utilización serán as establecidas nos artigos 48 e 49 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais, excepto o disposto no artigo 48.5 da citada lei. Calquera persoa que teña un dereito anterior sobre a denominación, que puidese resultar afectado pola inscrición da variedade, poderá opoñerse ao seu uso conforme o disposto no artigo 18 desta lei.

**CAPÍTULO III****Procedemento****Artigo 12. Iniciación.**

1. Os procedementos de inscrición de variedades no Rexistro de variedades comerciais poderanse iniciar de oficio ou por instancia do solicitante, do seu habente causa ou dunha persoa autorizada por eles.

2. A solicitude de inscrición deberá vir acompañada, como mínimo, da seguinte documentación:

- a) Acreditación do solicitante en caso de non coincidir coa persoa do obtentor.
- b) Descrición técnica da variedade.
- c) Documento relativo á denominación da variedade.

**Artigo 13. Presentación das solicitudes.**

1. A solicitude de inscrición, dirixida ao ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, deberase presentar perante o órgano competente da comunidade autónoma en que estea establecido o solicitante para a realización do estudo formal.

2. Cando os solicitantes non estean domiciliados en España ou cando as solicitudes se presenten a través dun establecemento comercial, industrial ou de investigación que non teña carácter territorial, as solicitudes presentaranse ante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que tamén efectuará o exame de forma.

3. As comunidades autónomas que reciban as solicitudes remitirán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dentro dos dez días seguintes ao da súa recepción, unha copia dos documentos recibidos que integran a solicitude.

**Artigo 14. Publicidade das solicitudes.**

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicará periodicamente un boletín de variedades comerciais.

2. No boletín de variedades comerciais deberanse publicar os datos que se determinen regulamentariamente e, en todo caso, a seguinte información:

- a) As solicitudes presentadas e as desistidas.
- b) As solicitudes de denominación, a relación das denominacións aprobadas, así como os cambios de denominación.
- c) As solicitudes estimadas e as desestimadas.

- d) As oposicións presentadas e a súa resolución.
- e) A indicación, se é o caso, de que son variedades modificadas xeneticamente.

**Artigo 15. Exame de forma.**

O órgano competente para recibir a solicitude realizará o seu exame formal e comprobará que vén acompañada da documentación preceptiva.

**Artigo 16. Remisión da solicitude.**

1. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, con todo o actuado, as solicitudes que superasen o exame de forma, antes da data límite prevista nas normas técnicas de inscrición de entrega do material vexetal, para que as variedades solicitadas poidan ser incluídas nos ensaios correspondentes.

2. As comunidades autónomas comunicaranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as resolucións desestimatorias, unha vez que a resolución sexa firme. Se a resolución for impugnada, tamén se notificará esta circunstancia.

**Artigo 17. Exame de fondo.**

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación examinará a documentación adxunta á solicitude para comprobar os requisitos materiais e realizar un exame xeral de licitude.

2. Para tal efecto, comprobarase:

- a) Se do cuestionario técnico e dos datos técnicos achegados polo solicitante se obtén a información necesaria para a realización do exame técnico.
- b) Se a denominación é adecuada, conforme o previsto no artigo 11.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación requirirá os solicitantes para que acheguen no prazo de 30 días os documentos e xustificantes pertinentes.

4. O acceso dos cidadáns á información contida no Rexistro de variedades comerciais rexerese polas normas establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e garantirase sempre o segredo do método de obtención.

**Artigo 18. Oposición.**

1. Calquera persoa poderá opoñerse á inscrición dunha variedade vexetal mediante a presentación dun escrito dirixido ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Unicamente se poderá formular oposición baseada nalgún dos seguintes motivos:

- a) O incumprimento das condicións establecidas nos artigos 9 e 10. Porén, a oposición non se poderá fundamentar en cuestións de propiedade e dominio, que se deberán interpoñer perante os tribunais ordinarios.
- b) A infracción das normas sobre denominacións varietais que se establecen no artigo 11 desta lei ou nos seus regulamentos de desenvolvemento.

3. Os que manifesten a súa oposición terán a consideración de interesados para os efectos do disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A tramitación da oposición efectuarase de conformidade co disposto no artigo 42 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións

vexetais, coas particularidades que se establezan regulamentariamente.

#### Artigo 19. *Exame técnico.*

1. Unha vez realizado o exame da solicitude, a variedade será sometida a un exame técnico cuxa finalidade será:

- a) Comprobar que a variedade pertence ao taxon botánico descrito.
- b) Determinar que é distinta, homoxénea e estable, mediante o ensaio de identificación.
- c) Establecer unha descrición oficial da variedade.
- d) Se é o caso, coñecer a capacidade de adaptación a determinadas condicións de cultivo, rendemento, resistencia a enfermidades, pragas ou accidentes, calidade dos produtos e outras características agronómicas ou de utilización, da variedade de que se trate, mediante o ensaio de valor agronómico ou de utilización.

2. A realización do exame técnico seguirá as regras contidas no artigo 40 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais, coas particularidades que se sinalen regulamentariamente.

3. Os ensaios de identificación efectuados no Rexistro de variedades protexidas serán considerados válidos para o Rexistro de variedades comerciais, e as mostras oficiais de material vexetal da variedade que achegou o solicitante para o Rexistro de variedades protexidas consideraranse igualmente como tales no Rexistro de variedades comerciais.

4. No procedemento de inscrición oficial das variedades de conservación teranse en conta características e requisitos de calidade. En particular, os resultados de probas non oficiais e os coñecementos adquiridos grazas á experiencia práctica durante o cultivo, a reprodución e a utilización, e as descricións detalladas das variedades e as súas correspondentes denominacións teranse en consideración e, no caso de que sexan suficientes, darán lugar á exención do exame oficial. Unha vez admitido o ecotipo ou a variedade autóctona, incorporárase á correspondente lista de variedades comerciais coa mención «variedade de conservación».

#### Artigo 20. *Resolución do procedemento.*

1. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación resolverá sobre a inscrición dunha variedade.

2. Antes da finalización do exame técnico poderanse conceder inscricións provisionais para aquelas variedades que na primeira fase cumpran cos requisitos de distinción e homoxeneidade.

3. Logo de petición, poderanse conceder autorizacións provisionais de comercialización para aquelas variedades para as cales se presentase unha solicitude de inscrición e de acordo cos requisitos que se sinalen regulamentariamente.

4. As resolucións de inscrición no Rexistro de variedades comerciais indicarán, se é o caso, as restricións no seu uso e se son variedades destinadas exclusivamente á exportación.

#### Artigo 21. *Duración do procedemento.*

1. Transcorrido o prazo máximo de duración do procedemento sen que a Administración ditase resolución expresa, a solicitude de inscrición entenderase desestimada.

2. O prazo máximo para resolver e notificar será de seis meses. Este prazo quedará suspendido desde a comunicación ao interesado de que o expediente está

preparado para a realización do exame técnico previsto no artigo 19 desta lei, ata que se incorporen a aquel os resultados deste exame, de acordo co previsto no artigo 42.5.d) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 22. *Duración da inscrición.*

1. A inscrición dunha variedade no Rexistro de variedades comerciais terá a vixencia de dez anos, renovables por períodos de dez anos, salvo as excepcións que establezan as normas técnicas de inscrición das diferentes especies de acordo coas normas comunitarias. A duración e renovación da inscrición dunha variedade modificada xeneticamente estará condicionada ao prazo máximo de comercialización concedido á modificación xenética que conteña.

2. A finalización do prazo de inscrición dará lugar á súa cancelación.

#### Artigo 23. *Cancelación.*

1. A cancelación da inscrición dunha variedade efectuarase cando desaparezan as causas que motivaron o seu outorgamento ou sobreviñesen outras que, de ter existido, xustificarian a denegación e, en especial, polas seguintes causas:

- a) Falta de comercialización da variedade.
- b) Que a variedade se deixase de conservar.
- c) Que a variedade deixase de ser distinta, estable ou suficientemente homoxénea.
- d) Que se comprobase que a variedade foi afectada gravemente por enfermidades ou pragas de nova aparición ou que poida favorecer a súa difusión.
- e) Que se comprobase que a variedade non tivo o comportamento previsto en relación co valor agronómico.
- f) Que se comprobase que existe risco para a saúde humana ou sanidade animal ou para o ambiente.
- g) Que non se respecten posteriormente as normas legais ou regulamentarias, nacionais ou comunitarias.
- h) Cando se demostre que se deron informacións falsas ou fraudulentas en relación cos datos en virtude dos cales se concedeu a inscrición.

2. A cancelación da inscrición, sempre que non sexa por expiración de prazos, requirirá un expediente incoado para o efecto, no cal se lles dará audiencia aos interesados. Mentres non se resolva este expediente, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá suspender a produción e comercialización de sementes ou de plantas de viveiro da variedade de que se trate.

## TÍTULO III

### **Produción e comercialización de sementes e plantas de viveiro**

#### CAPÍTULO I

#### **Requisitos para a produción e comercialización de sementes e plantas de viveiro**

#### Artigo 24. *Produción e comercialización.*

1. Enténdese por produción o conxunto de operacións encamiñadas a multiplicar e acondicionar as sementes e plantas de viveiro para efectuar sementeiras ou plantacións.

2. Enténdese por comercialización a venda, a tenza destinada á venda, a oferta de venda e toda cesión, entrega ou transmisión con fins de explotación comercial, de sementes ou de plantas de viveiro, incluído calquera consumidor, a título oneroso ou non.

3. A produción e comercialización de materiais forestais de reprodución rexerese pola súa normativa específica no referente a este título.

4. A produción e comercialización de variedades de conservación, variedades de afeccionado e mesturas de sementes rexeranse por unha normativa específica.

#### Artigo 25. *Variedades obxecto de produción e comercialización.*

Naquelas especies para as cales se establecese un Rexistro de variedades comerciais ou un catálogo común de variedades da Unión Europea, soamente se poderán producir e comercializar as sementes e plantas de viveiro de variedades rexistradas nestes, conforme o previsto no artigo 5.

#### Artigo 26. *Requisitos xerais.*

1. A produción de sementes e plantas de viveiro axustarase ás condicións xerais establecidas nesta lei e ás condicións específicas sinaladas nos regulamentos técnicos, ditados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para cada especie ou grupo de especies.

2. As normas relativas á produción e comercialización de sementes e plantas de viveiro non serán de aplicación aos materiais vexetais cuxo destino sexa a exportación a países terceiros.

#### Artigo 27. *Requisitos dos procesos de produción e de comercialización de sementes e plantas de viveiro.*

A regulamentación técnica específica conterà, como mínimo, os extremos seguintes:

- a) Especies incluídas.
- b) Variedades comerciais admisibles.
- c) Categorias de sementes ou plantas de viveiro admitidas para cada especie ou grupo de especies.
- d) Requisitos das parcelas de produción.
- e) Requisitos de calidade das sementes, tendo en conta as normas da Asociación Internacional de Análise de Sementes (ISTA) e das plantas de viveiro, entre os cales figurarán os limiares de tolerancia relativos á presenza adventicia de organismos modificados xeneticamente.
- f) Controis que se deben efectuar.
- g) Os métodos de produción e comercialización de sementes e plantas de viveiro para a agricultura ecolóxica.
- h) Os métodos de produción e comercialización de variedades de conservación, variedades de afeccionados e mesturas de sementes.

#### Artigo 28. *Zonas especiais de cultivo e produción.*

1. As comunidades autónomas poderán fixar zonas nas cales se regule o cultivo e a produción de determinadas especies ou variedades cando sexa necesario garantir a sanidade vexetal, a saúde humana ou animal, ou preservar o ambiente e a diversidade agraria, sen prexuízo do cumprimento da normativa comunitaria para estes efectos.

2. Así mesmo, poderán establecer as condicións especiais en que se poden producir e comercializar, así como as restricións cuantitativas que procedan, en relación coa conservación «in situ» ou «ex situ», e a utilización sustentable dos recursos fitoxenéticos.

#### Artigo 29. *Excepcións xerais.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá autorizar coas garantías suficientes a produción e comercialización de cantidades adecuadas de sementes e plantas de viveiro que non cumpran os requisitos deste título cando estean destinadas a probas ou fins científicos ou a labores de selección, sempre que non sexan transxénicas, sen prexuízo do previsto na Lei 9/2003, do 25 de abril, de réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente, e no Real decreto 178/2004, do 30 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da citada lei, no que se refire ás autorizacións de liberación voluntaria nos cultivos cuxa finalidade é efectuar o exame técnico para a inscrición de variedades comerciais ou protexidas.

#### Artigo 30. *Uso obrigado da denominación varietal.*

As sementes e plantas de viveiro que pertencen a unha variedade incluída no Rexistro de variedades comerciais ou nos catálogos comúns de variedades da Unión Europea ou, no seu defecto, que gocen de protección nacional ou comunitaria como obtencións vexetais, soamente se poderán comercializar coa denominación que figure inscrita.

#### Artigo 31. *Precintado de sementes e plantas de viveiro.*

1. As sementes deberanse comercializar en envases precintados e etiquetados, sen prexuízo das disposicións especiais para a expedición de sementes a granel.

2. As plantas de viveiro deberanse comercializar precintadas e etiquetadas, individualmente ou agrupadas.

3. O precintado consiste nas operacións de cerramento dos envases ou feixes que as conteñen e na colocación de etiquetas, de tal forma que non se poidan abrir sen que o sistema de cerramento quede deteriorado ou sen que o envase ou a etiqueta mostren sinais de manipulación.

4. As etiquetas, tanto as oficiais como as do proveedor, deberán estar redactadas, polo menos, na lingua española oficial do Estado.

5. As sementes e plantas de viveiro das especies non previstas na regulamentación técnica específica poderanse comercializar envasadas ou a granel, pero en ambos os casos deben ir acompañadas dunha etiqueta ou dun documento do proveedor onde figuren, como mínimo, o nome do proveedor, a especie, a variedade e o previsto no punto 6 deste artigo, se procede.

6. Nas etiquetas, tanto de sementes como de plantas de viveiro que conteñan organismos modificados xeneticamente, figurará a seguinte información: «Contén organismos modificados xeneticamente».

#### Artigo 32. *Almacenamento.*

Non se poderán depositar nos almacéns de sementes grans nin órganos vexetais destinados a fins comerciais distintos dos de multiplicación e reprodución, agás con autorización da autoridade competente, de acordo coas condicións que regulamentariamente se establezan.

#### Artigo 33. *Comercialización de sementes e plantas de viveiro procedentes doutros Estados membros da Unión Europea.*

1. As sementes e plantas de viveiro de especies cuxa comercialización non estea regulada no ámbito da Unión Europea e que procedan dos seus Estados membros deberán cumprir os seguintes requisitos para poderen ser comercializadas en España:



a) Ofrecer as mesmas garantías que as producidas en España, de acordo coa regulamentación específica e coa normativa fitosanitaria en vigor.

b) Vir acompañadas dun certificado expedido pola autoridade competente do Estado membro de onde procedan, no cal se faga constar que estas sementes e plantas de viveiro están autorizadas para se comercializar nese país.

2. As sementes e plantas de viveiro que procedan de Estados membros da Unión Europea e pertencen a especies e categorías reguladas polas directivas comunitarias poderán ser comercializadas libremente, sempre que cumpran todos os requisitos exixidos nestas.

3. Os introdutores de sementes e plantas de viveiro aos cales se refiren os puntos anteriores deberán cubrir e achegar perante os órganos competentes das comunidades autónomas os documentos e datos necesarios para facilitar o control e a información prevista na lexislación comunitaria e para confeccionar as estatísticas nacionais. As comunidades autónomas facilitaranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación todos os datos e informacións de que dispoñan, para o cumprimento destas finalidades.

## CAPÍTULO II

### Importacións

**Artigo 34.** *Condicións para a importación de sementes e plantas de viveiro procedentes de países terceiros.*

1. As sementes e plantas de viveiro que se importen de países terceiros e pertencen a especies cuxa comercialización estea regulada no ámbito da Unión Europea deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Naqueles casos en que na Unión Europea se establecese algún tipo de equivalencias con países terceiros para determinadas especies e categorías, só se poderán importar sementes e plantas de viveiro destas especies e categorías, e daqueles países para os cales se reconece a equivalencia, nas condicións fixadas nas correspondentes decisións de equivalencias ditadas pola Unión Europea.

b) Cando se importen de países terceiros sementes e plantas de viveiro para as cales aínda non se establecese un réxime de equivalencias comunitario, aquelas deben cumprir idénticos requisitos que os exixidos ás sementes e plantas de viveiro producidas no interior da Unión Europea.

2. As sementes e plantas de viveiro de especies cuxa comercialización non estea regulada na Unión Europea, que procedan de países terceiros, deberán ofrecer as mesmas garantías e condicións que as producidas en España, de conformidade coa súa regulamentación específica e coa normativa fitosanitaria.

## CAPÍTULO III

### Provedores de sementes e plantas de viveiro

**Artigo 35.** *Concepto e clasificación dos provedores.*

1. Enténdese por provedor toda persoa, física ou xurídica, que exerza profesionalmente en relación coas sementes e plantas de viveiro algunhas das actividades seguintes: produción, almacenaxe, importación e comercialización ou posta no mercado.

2. Atendendo á actividade principal que realizan, os provedores clasifícanse en:

a) Produtor: o que realiza a actividade de produción e pode realizar, ademais, calquera das sinaladas para os demais provedores.

b) Comerciante: o que realiza a actividade de importación, almacenamento ou comercialización ou posta no mercado.

**Artigo 36.** *Autorización e rexistro.*

1. Todos os produtores de sementes e plantas de viveiro deberán estar autorizados pola comunidade autónoma onde radique a súa sede social e rexistrados oficialmente por esta. Esta autorización, que producirá efectos en todo o territorio do Estado, será remitida ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que sexa incluída no Rexistro nacional de produtores.

2. Cando as instalacións e medios necesarios para a concesión da dita autorización se encontren nunha ou varias comunidades autónomas distintas daquela á cal se lle solicitou a referida autorización, estas deberán emitir, a pedimento da comunidade autónoma onde se presentase a citada solicitude, un informe que indique cantas circunstancias poidan ser relevantes para a concesión da autorización correspondente.

3. Todos os comerciantes deberán comunicar o exercicio da súa actividade para efectos da súa inscrición no rexistro da correspondente comunidade autónoma en que teñan as súas instalacións.

4. Os requisitos que deben cumprir os produtores sinalaranse regulamentariamente. En calquera caso, deberán contar con medios propios en equipamentos técnicos e humanos, acordos coa súa produción.

**Artigo 37.** *Perda da condición de provedor.*

Perderase a condición de provedor, na clase de que se trate, nos seguintes casos:

a) De forma temporal, cando fose sancionado por unha infracción administrativa moi grave, de acordo co establecido no artigo 65.

b) Cando se comprobe que o provedor xa non cumpre as condicións que deron lugar á concesión da autorización para exercer como provedor.

c) Cando cesase na actividade máis de dous anos consecutivos.

**Artigo 38.** *Rexistro nacional de produtores.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación manterá o Rexistro nacional de produtores, de carácter informativo, para lles dar publicidade ás autorizacións e recoller a información correspondente que lle deberán remitir as comunidades autónomas.

2. As comunidades autónomas comunicaranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as altas, modificacións e baixas que se produzan nas autorizacións concedidas aos produtores.

## CAPÍTULO IV

### Control e certificación de sementes e plantas de viveiro

**Artigo 39.** *Operacións de control oficial.*

O proceso de produción e precintado de sementes e plantas de viveiro estará sometido a un control oficial para determinar se o material vexetal cumpre os requisitos establecidos para a categoría do material de que se trate, aplicables se é o caso. O control oficial levarano a cabo directamente as comunidades autónomas ou baixo a súa supervisión, nas condicións establecidas pola normativa vixente. O control oficial estenderase tamén á comercialización e á actividade dos provedores.

O control oficial efectuarase de acordo coas normas internacionais xeralmente aceptadas e o establecido na regulamentación técnica específica.

**Artigo 40. *Certificación de sementes e plantas de viveiro.***

Certificación de sementes e plantas de viveiro é o conxunto de operacións de control que se realizan oficialmente de forma documentada para constatar que a produción dun material vexetal determinado cumpre cos requisitos legais de acordo coa categoría do material de que se trate.

Nos casos establecidos regulamentariamente, a Administración competente certificará que as sementes e plantas de viveiro cumpren os requisitos de produción e precintado exixibles.

**Artigo 41. *Obriga de colaboración.***

Os provedores de sementes e plantas de viveiro están obrigados a prestar toda a colaboración aos órganos oficiais competentes, para permitirilles realizar os controis oficiais establecidos nesta lei e na súa regulamentación específica.

**Artigo 42. *Controis polos provedores.***

1. Para garantir o cumprimento das normas contidas nesta lei e nos seus regulamentos de desenvolvemento, os provedores, quer por eles mesmos, quer en colaboración con outro provedor, deberán efectuar os autocontrois que a normativa aplicable sinala.

2. Os provedores comprobarán a calidade das sementes e plantas de viveiro que producen ou comercializan de acordo co que a normativa aplicable estableza.

**Artigo 43. *Verificación da calidade.***

1. Para comprobar, en calquera fase do proceso de produción, a calidade tecnolóxica, a pureza varietal e o estado sanitario das sementes e plantas de viveiro que se van comercializar no territorio nacional, as comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado, nos seus respectivos ámbitos de competencia, establecerán plans específicos de ensaios de campo e de laboratorio con mostras tomadas para tal fin.

2. A Administración xeral do Estado, en coordinación coas comunidades autónomas, elaborará plans nacionais de control da calidade sobre as sementes e plantas de viveiro obxecto de comercio.

3. A Administración xeral do Estado poderá fomentar a avaliación das novas variedades vexetais para mellorar o rendemento e a calidade das colleitas.

## TÍTULO IV

### Recursos fitoxenéticos

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

**Artigo 44. *Definicións.***

Para os efectos desta lei, enténdese por:

a) Recursos fitoxenéticos: calquera material xenético, de orixe vexetal, que por extensión inclúe os fungos, con valor real ou potencial para a agricultura e a alimentación.

b) Material xenético: material reprodutivo e de propagación vexetativa, que contén unidades funcionais da herdanza.

c) Conservación «in situ»: a conservación de material xenético nos seus ecosistemas e hábitat naturais, e o mantemento e a recuperación de poboacións viables de especies nos seus contornos naturais e, no caso das especies cultivadas, nos contornos en que desenvolvesen as súas propiedades específicas.

d) Conservación «ex situ»: a conservación dos recursos fitoxenéticos fóra do seu hábitat natural.

**Artigo 45. *Ámbito de aplicación.***

1. O disposto neste título aplicarase aos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación que requiren de disposicións específicas para asegurar a súa conservación e utilización sustentable.

2. As variedades de conservación terán sempre a consideración de recurso fitoxenético.

3. En relación coa aplicación do disposto no capítulo II deste título, exclúese do ámbito de aplicación a lista dos cultivos comprendidos no sistema multilateral que establece o Tratado internacional sobre os recursos fitoxenéticos para a alimentación e a agricultura para aqueles Estados adheridos a este.

## CAPÍTULO II

### Acceso aos recursos fitoxenéticos

**Artigo 46. *Limitación do acceso aos recursos fitoxenéticos.***

1. As comunidades autónomas, no seu ámbito territorial, poderán establecer condicións ao acceso de recursos fitoxenéticos «in situ» nas zonas e especies cuxa recolección requira de especial protección para preservar a súa conservación e utilización sustentable.

2. Só se poderá acceder aos recursos fitoxenéticos con fins de investigación, mellora xenética e fomento da conservación e utilización sustentable dos ditos recursos.

3. O acceso por persoas físicas ou xurídicas doutros Estados, distintos ao Estado español, estará supeditado á normativa comunitaria e á existencia de acordos de transferencia de material, convenios ou tratados bilaterais establecidos para o efecto.

**Artigo 47. *Obrigas dos receptores.***

1. Os receptores non poderán reclamar ningún dereito de propiedade intelectual, industrial ou doutra índole que limite o acceso aos recursos fitoxenéticos para a alimentación e a agricultura, ou ás súas partes ou compoñentes xenéticos, na forma recibida.

2. Os receptores de recursos fitoxenéticos non poderán transferir a terceiros os recursos fitoxenéticos recibidos sen o consentimento de quen llelos proporcionou.

3. Os receptores comprometeranse a remitirle ao órgano ou entidade que lle proporcionase o recurso fitoxenético cada dous anos, e ata transcorridos 20 anos desde a recepción, un informe sobre as investigacións e aplicacións obtidas da utilización nese período dos recursos fitoxenéticos recibidos, salvo o estrictamente confidencial.

4. O receptor dun recurso fitoxenético, que comercialice en España ou no estranxeiro un produto que incorpore material xenético procedente dos recursos fitoxenéticos recibidos, estará obrigado, mentres dure esa comercialización, a que o citado produto estea, sen restricións, á disposición de calquera outra persoa ou institución nacional para o seu uso en investigación e mellora



xenética posteriores, respectando a lexislación vixente sobre dereitos de propiedade intelectual.

### CAPÍTULO III

#### **Programa nacional de conservación e utilización sustentable dos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación**

Artigo 48. *Programa nacional de conservación e utilización sustentable dos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación.*

1. O Programa nacional de conservación e utilización sustentable dos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación, que terá en conta os artigos 5 e 6 do Tratado internacional sobre os recursos fitoxenéticos para a alimentación e a agricultura, comprenderá os seguintes fins:

- a) Evitar a perda da diversidade xenética de especies e variedades agroalimentarias en desuso e daquelas outras cuxo potencial xenético é susceptible de utilización directa ou de ser empregado na mellora xenética de especies vexetais.
- b) Caracterizar e documentar este material vexetal para facilitar e fomentar a súa utilización sustentable.
- c) Establecer unha adecuada estrutura de bancos de recursos fitoxenéticos que canalice a necesaria cooperación nacional e internacional na materia.

2. O programa nacional estrutúrase en plans de actuación que establecerán as liñas de traballo e as medidas correspondentes para a consecución dos ditos fins.

3. Os plans de actuación determinarán en particular as accións de mantemento, caracterización e utilización das coleccións de recursos fitoxenéticos que se realizarán durante o seu período de vixencia, así como as accións de coordinación para a súa execución.

Artigo 49. *Rede de coleccións do programa nacional.*

1. A Rede de coleccións do programa nacional estará constituída polas coleccións de recursos fitoxenéticos mantidas «ex situ» en forma de semente ou con material de reprodución vexetativa por organismos pertencentes ás administracións públicas cuxas autoridades responsables manifesten o seu desexo de incorporalas á rede.

2. Os recursos fitoxenéticos que se incorporen á Rede de coleccións deberán, polo menos, cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar debidamente identificados.
- b) Estar en condicións adecuadas de conservación.
- c) Os que se establezan regulamentariamente.

3. As administracións públicas velarán polo mantemento e conservación do material fitoxenético.

Artigo 50. *Centro Nacional de Recursos Fitoxenéticos.*

1. O Centro de Recursos Fitoxenéticos do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria terá carácter de Centro Nacional de Recursos Fitoxenéticos.

2. As funcións do citado centro serán as seguintes:

- a) Ser o centro de conservación das coleccións base de sementes, no cal se deberá depositar un duplicado de todas as coleccións de sementes que integran a Rede de coleccións do programa nacional.
- b) Ser o centro de documentación da Rede de coleccións do programa nacional e responsable da elaboración e mantemento do inventario de recursos fitoxenéticos incluídos na Rede de coleccións.

- c) Asesorar a autoridade competente que o solicite.
- d) Participar no seguimento da execución dos plans de actuación do programa nacional e elaborar un informe anual.
- e) Outras funcións que lle puidesen ser encomendadas regulamentariamente.

Artigo 51. *Dereitos dos agricultores.*

Reglamentariamente estableceranse os mecanismos para protexer e promover os dereitos dos agricultores e, en particular, deberanse establecer as medidas pertinentes para participar na distribución dos beneficios que deriven da utilización dos recursos fitoxenéticos para a alimentación e a agricultura.

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán establecer, para promover o uso e conservación dos recursos xenéticos en perigo de desaparición, medidas encamiñadas a:

- a) Facilitarlles aos agricultores a conservación, utilización e comercialización das sementes e plantas de viveiro conservadas nas súas leiras, de variedades locais en perigo de desaparición, en cantidades limitadas e de acordo coa lexislación sobre sementes e plantas de viveiro.
- b) A protección, a conservación e o desenvolvemento dos coñecementos tradicionais de interese para os recursos fitoxenéticos para a alimentación e a agricultura.

### TÍTULO V

#### **Taxas relativas ao Rexistro de variedades comerciais**

Artigo 52. *Suxeitos pasivos e exencións.*

1. Serán suxeitos pasivos destas taxas os solicitantes da inscrición dunha variedade no Rexistro de variedades comerciais e as persoas, físicas ou xurídicas, a prol das cales se realice a prestación dos servizos que constitúen os seus feitos impositivos.

2. As taxas establecidas rexeranse polo disposto neste título e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, en especial no relativo aos suxeitos obrigados ao pagamento das taxas como responsables tributarios.

3. O recoñecemento e inscrición de variedades de conservación a que se refire o título IV estarán exentas do aboamento das taxas deste título V.

Artigo 53. *Taxa por tramitación e resolución.*

Constitúe o feito impositivo desta taxa a tramitación do procedemento administrativo e a súa resolución.

O devengo da taxa producirase no momento en que inicie a tramitación do procedemento a Administración xeral do Estado.

O importe da taxa pola tramitación e resolución do expediente é de 306,52 euros.

Artigo 54. *Taxa pola realización do ensaio de identificación.*

Constitúe o feito impositivo desta taxa a realización das probas, ensaios e calquera outra actividade comprendida no ensaio de identificación necesario para a inscrición dunha variedade, conforme a súa lexislación específica.

Para os efectos deste artigo, as especies ou grupos de especies a que pertencen as variedades vexetais cuxo material vaia ser obxecto do ensaio clasifícanse nos grupos recollidos no anexo 2 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais.

O devengo da taxa producirase, o primeiro ano, no momento da entrega do material vexetal á autoridade competente para a realización do ensaio, e no segundo e sucesivos, no momento en que se realicen as sementeiras ou plantacións ou se multiplique o material.

As taxas pola realización dos ensaios de identificación serán as seguintes:

Por cada ano de exame:

	Euros
Grupo primeiro .....	797,26
Grupo segundo .....	574,02
Grupo terceiro .....	478,36
Grupo cuarto .....	382,68

Cando se trate dunha variedade híbrida, calquera que sexa a especie, e sexa preciso efectuar un estudo dos compoñentes xenealóxicos, o tipo de taxa será o dobre da indicada para a especie correspondente.

Artigo 55. *Taxa pola realización do ensaio de valor agronómico.*

Constitúe o feito impoñible desta taxa a realización das probas e ensaios de campo e de laboratorio necesarios para a determinación do valor agronómico ou de utilización dos materiais vexetais presentados a rexistro.

O devengo da taxa producirase no momento da entrega do material vexetal nas condicións que se establecen na súa regulamentación específica.

As taxas pola realización destes ensaios serán as seguintes:

Por cada ano de exame:

	Euros
Pataca .....	1.122,53
Millo .....	1.227,76
Os demais cereais, oleaxinosas e téxtiles . . . .	1.052,36
Remolacha azucreira .....	1.403,15
Alfalfa, trevos e gramíneas forraxeiras e prateses .....	1.122,53

Para as especies non citadas anteriormente, o prezo da taxa queda fixado en 1.122,53 euros.

Artigo 56. *Xestión e recadación.*

1. Os servizos e actividades constitutivos do feito impoñible das taxas previstas nos artigos 53 e 54, neste caso só durante o primeiro ano, e no artigo 55 non se prestarán ou realizarán mentres non se efectuase o pagamento da contía que resultase exixible e que se deberá facer efectiva polo procedemento de autoliquidación.

Os servizos e actividades constitutivos do feito impoñible da taxa prevista no artigo 54, excepto o primeiro ano, mesmo cando fosen prestados, non serán eficaces mentres non se efectuase o pagamento na contía que fose exixida. Con independencia do anterior, a referida contía será exixible pola vía de constrinximento.

A falta de pagamento en período voluntario das taxas relativas aos ensaios de identificación do segundo ano e sucesivos motivarán o arquivo do expediente.

2. A xestión e recadación en vía ordinaria destas taxas correspóndelle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. De acordo co principio de equivalencia recollido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, o Goberno, mediante real decreto, poderá modificar as contías das taxas establecidas neste título.

## TÍTULO VI

### Infraccións e sancións

#### CAPÍTULO I

##### Principios xerais

Artigo 57. *Delimitación das infraccións.*

Sen prexuízo das accións civís ou penais que se puidesen exercer, o incumprimento dos requisitos, condicións, obrigas e prohibicións relacionados co Rexistro de variedades comerciais, recursos fitoxenéticos, produción, comercialización, control e certificación de sementes e plantas de viveiro, así como co Rexistro nacional de produtores e co Rexistro de comerciantes, serán considerados como infracción administrativa, de acordo co disposto nesta lei.

Artigo 58. *Responsabilidade por infraccións.*

1. Son responsables dos feitos constitutivos das infraccións tipificadas nesta lei as persoas físicas ou xurídicas que os cometan mesmo a título de simple negligencia, así como as que, por acción ou omisión, participasen neles. Cando o cumprimento das obrigas previstas nesta lei corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, se é o caso, se cometan e das sancións que se impoñan.

2. No suposto das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúen unha unidade económica ou un patrimonio separado, serán responsables solidarios os copartícipes ou cotitulares, en proporción ás súas respectivas participacións.

3. Serán responsables subsidiarios polo incumprimento das obrigas impostas por esta lei que comporten o deber de previr a infracción administrativa cometida por outros as persoas físicas e xurídicas sobre as cales tal deber recaía.

4. No suposto de infraccións graves ou moi graves, cando unha infracción sexa imputada a unha persoa xurídica, serán responsables subsidiarios as persoas que integren os seus órganos reitores ou de dirección, sempre que a infracción sexa imputable á súa conduta dolosa ou negligente.

5. En concreto, consideraranse responsables:

a) Cando se trate de mercadorías importadas ou para exportación, o seu importador ou exportador.

b) Das infraccións en mercadorías envasadas e debidamente precintadas, a persoa física ou xurídica cuxo nome ou razón social figure na etiqueta, salvo que se demostre a súa falsificación ou mala conservación polo tedor, sempre que sexan coñecidas ou se especifiquen no envase as condicións de conservación.

c) Das infraccións en mercadorías a granel ou sen os precintos de orixe, o tedor destas, excepto cando poida acreditar a responsabilidade doutro tedor.

d) En calquera caso, se o presunto responsable proba que a infracción se produciu por información errónea, ou por falta de información regulamentariamente exixida, e que é outra persoa identificada a responsable da dita información, a infracción será imputada a este último.

Artigo 59. *Competencias sancionadoras.*

O exercicio da potestade sancionadora en execución desta lei corresponderalles, con carácter xeral, ás comuni-

dades autónomas. A potestade sancionadora será exercida polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no que se refire ás infraccións que se cometan en relación coa importación ou exportación de variedades comerciais, sementes ou plantas de viveiro, ás infraccións graves tipificadas no artigo 61.d) e ás infraccións moi graves tipificadas no artigo 62.d) e k).

## CAPÍTULO II

### Infraccións

#### Artigo 60. *Infraccións leves.*

Consideraranse leves as infraccións seguintes:

- a) O incumprimento da obriga de presentarlle á autoridade competente, nos prazos regulamentariamente establecidos, a información, documentos ou material que se consideren necesarios para o control do mantemento da variedade ou o material necesario para a renovación das mostras oficiais para a colección de referencia.
- b) A falta xeneralizada de anotacións de entradas e saídas de almacén, conservación de albarás e facturas ou a venda dalgunha partida de sementes ou plantas de viveiro sen a correspondente factura.
- c) Exercer a actividade de comerciante sen ter comunicado o exercicio da súa actividade para a súa inscrición no correspondente rexistro.
- d) O incumprimento da obriga de levar a cabo o autocontrol da súa actividade a que se refire o artigo 42.

#### Artigo 61. *Infraccións graves.*

Consideraranse graves as infraccións seguintes:

- a) A ocultación de datos que sexan relevantes para conseguir a autorización e inscrición da variedade no Rexistro de variedades comerciais.
- b) O depósito nun mesmo almacén, sen autorización, de elementos de reprodución e multiplicación xunto a outros que non teñan ese carácter, tanto se están a granel, envasados en sacos ou de calquera outro modo.
- c) A falta de indicación, ou a súa inexactitude, nas etiquetas dos envases de sementes e plantas de viveiro, dos datos que deben figurar nelas, así como na publicidade, sempre que isto non veña referido ao intento de inducir a erro o usuario en canto á variedade, categoría do material ou estado sanitario, así como o incumprimento da obriga de utilizar a denominación asignada á variedade.
- d) O incumprimento dos prazos establecidos para a remisión dos datos e documentos que figuran nos plans de seguimento de variedades modificadas xeneticamente, así como a remisión de datos que non se axusten á realidade, cando non poida ser considerado falta moi grave.
- e) O incumprimento dos requisitos de calidade das sementes e plantas de viveiro no proceso produtivo ou comercial, cando non constituía falta moi grave.
- f) A ocultación de información e a obstaculización do labor inspector das autoridades competentes.
- g) O incumprimento en materia de coexistencia de cultivos de variedades modificadas xeneticamente, convencionais e ecolóxicas, e das medidas sinaladas legalmente para o cultivo da especie de que se trate, cando este incumprimento non produza unha alteración da natureza dos produtos obtidos de acordo con cada tipo de cultivo.
- h) A alteración do precintado dun envase ou do seu contido.
- i) O incumprimento en materia de variedades modificadas xeneticamente dos requisitos de rastrexabilidade e etiquetaxe exixibles a elas.

#### Artigo 62. *Infraccións moi graves.*

Consideraranse moi graves as infraccións seguintes:

- a) A ocultación da perda das condicións de distinción, homoxeneidade e estabilidade dunha variedade vexetal ou a falsidade en documentos ou datos que sexan relevantes para a súa inscrición.
- b) A ocultación da condición de variedade modificada xeneticamente.
- c) A falsidade dos datos da etiqueta e na publicidade que veñan referidos á denominación varietal, á categoría do material ou ao seu estado sanitario.
- d) A alteración dos datos exixidos nos plans de seguimento de variedades modificadas xeneticamente ou o incumprimento dos prazos establecidos para a remisión dos datos e documentos, sempre que disto poida derivar un perigo para a saúde humana, a sanidade animal ou o ambiente.
- e) O incumprimento dos requisitos de calidade das sementes e plantas de viveiro no proceso produtivo ou comercial, cando non alcancen o 50 por cento das porcentaxes mínimas exixidas ou cando superen o dobre das tolerancias máximas autorizadas, segundo os casos.
- f) A produción e o comercio de sementes e plantas de viveiro sen someterse ao control oficial establecido no artigo 39.
- g) A produción e comercio de sementes e plantas de viveiro de variedades non inscritas no Rexistro de variedades comerciais ou nos catálogos comúns de variedades da Unión Europea, cando este requisito sexa obrigatorio.
- h) Impedir o labor inspector.
- i) O quebranto das medidas provisionais sobre mercadorías ou almacéns.
- j) O incumprimento en materia de coexistencia de cultivos de variedades modificadas xeneticamente, convencionais e ecolóxicas, e das medidas sinaladas legalmente para o cultivo da especie de que se trate, cando este incumprimento produza unha alteración da natureza dos produtos obtidos de acordo con cada tipo de cultivo.
- k) A importación e exportación de variedades modificadas xeneticamente sen contar coa correspondente autorización do país de destino, de acordo coas normas comunitarias ou internacionais en vigor.
- l) Exercer a actividade de produtor de sementes e plantas de viveiro para a comercialización sen a debida autorización.

## CAPÍTULO III

### Sancións

#### Artigo 63. *Sancións pecuniarias.*

1. As infraccións cualificadas como leves serán sancionadas con multas abrangidas entre 300 e 3.000 euros.
2. As infraccións cualificadas como graves serán sancionadas con multas abrangidas entre 3.001 e 30.000 euros.
3. As infraccións cualificadas de moi graves serán sancionadas con multas abrangidas entre 30.001 e 300.000 euros.
4. Cando as infraccións poñan en perigo a saúde humana, a dos animais ou do ambiente, as sancións incrementaranse nun 50 por cento.
5. Nas infraccións graves e moi graves o límite superior das sancións poderase aumentar ata o dobre do beneficio obtido polo infractor, cando este beneficio sexa superior ao dito límite.



6. O límite mínimo da sanción pecuniaria en ningún caso poderá ser inferior ao beneficio obtido polo infractor.

7. Se, en razón das circunstancias concorrentes, se apreciase unha cualificada diminución da culpabilidade do imputado ou da antixuricidade do feito, o órgano sancionador poderá establecer a contía da sanción aplicando a escala relativa á clase de infraccións que preceda inmediatamente en gravidade a aquela en que se integra a considerada no caso de que se trate.

8. Para a cualificación e contía das sancións terase en conta a especie, categoría de semente ou planta de viveiro e o seu valor intrínseco.

9. O Goberno poderá modificar o importe das sancións establecidas neste capítulo de acordo coas variacións do índice de prezos do consumo.

#### Artigo 64. *Comiso de material vexetal.*

1. Ademais do pagamento das multas, poderase proceder ao comiso do material vexetal sempre que este:

- a) Non se poida pór no comercio como material de reprodución ou multiplicación.
- b) Sexa susceptible de causar un prexuízo á saúde humana, á sanidade animal ou ao ambiente; en tal caso, o material vexetal será destruído.

2. Todos os gastos orixinados polo comiso dun material vexetal serán por conta do infractor.

#### Artigo 65. *Outras sancións.*

As infraccións moi graves comportarán:

- a) A obriga de reintegrar as axudas ou subvencións percibidas.
- b) A suspensión temporal ata un máximo de 10 anos da condición de provedor na clase de que se trate.

#### Artigo 66. *Gradación das sancións.*

A determinación da contía das sancións previstas neste título farase considerando en cada caso:

- a) O grao de culpabilidade.
- b) A natureza e extensión dos prexuízos causados.
- c) A contía do beneficio ilícito obtido ou que se podería ter obtido.
- d) A reincidencia.
- e) O incumprimento de advertencias previas.
- f) Os danos ou perigos á saúde humana, á sanidade animal ou ao ambiente, no caso de non formar parte como elemento definitorio do tipo de infracción.

#### Artigo 67. *Multas coercitivas.*

1. No suposto de que o interesado incumpra as obrigas establecidas nesta lei ou nas disposicións regulamentarias de desenvolvemento, ou as obrigas ou sancións impostas pola autoridade competente, esta poderá requirir os afectados para que, nun prazo suficiente, procedan ao cumprimento daquelas, con apercibimento de que, en caso contrario, se imporá unha multa coercitiva, con sinalamento de contía, se é o caso, e ata un máximo de 3.000 euros cada unha, sen prexuízo e coa independencia das sancións que puidesen ser aplicables.

2. A autoridade competente, en caso de incumprimento, poderá efectuar requirimentos sucesivos, e incrementar a multa coercitiva no 20 por cento da acordada no requirimento anterior.

3. Os prazos concedidos deberán ser adecuados para realizar a medida acordada, así como para evitar os

danos que se puidesen producir de non executar a medida ao seu debido tempo.

4. As contías sinaladas anteriormente deberán ser revisadas e actualizadas periodicamente polo Goberno, tendo en conta a variación dos índices de prezos de consumo.

## CAPÍTULO IV

### Medidas provisionais

#### Artigo 68. *Medidas provisionais.*

No exercicio da potestade sancionadora, o órgano competente para resolver e, se é o caso, o inspector poderá adoptar, entre outras, algunha ou algunhas das medidas seguintes:

- a) O peche temporal, parcial ou total, a suspensión ou a paralización das instalacións.
- b) A suspensión temporal da autorización para o exercicio da actividade.
- c) A inmovilización do material vexetal.
- d) A incautación de documentos que sexan imprescindibles e debidamente relacionados.

Nos casos das alíneas c) e d), estas medidas poderán ser adoptadas polo inspector. A autoridade competente deberá proceder a confirmar, modificar ou levantar as medidas provisionais adoptadas polo inspector, no prazo máximo de 15 días desde a súa adopción.

#### Disposición adicional primeira. *Sistemas internacionais de certificación aplicables en España.*

Cando as sementes e plantas de viveiro se destinen a países terceiros, a pedimento dos provedores, poderán seguirse sistemas de certificación derivados da adhesión de España a convenios ou tratados internacionais.

#### Disposición adicional segunda. *Órganos colexiados.*

1. En materia de sementes e plantas de viveiro, crease un órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, con participación das comunidades autónomas, encargado de estudar e propoñer cuestións de política xeral na materia, salvo nas cuestións e actividades que son competencia dos órganos colexiados previstos na disposición adicional segunda da Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente.

2. En relación coa conservación e utilización dos recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación, crease un órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, con participación das comunidades autónomas, encargado de estudar e propoñer cuestións de política xeral sobre esta materia, salvo nas cuestións e actividades que son competencia dos órganos colexiados previstos na disposición adicional segunda da Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente.

3. A denominación, composición, organización e funcións dos órganos colexiados establecerase regulamentariamente, de conformidade co establecido na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

4. Nos órganos colexiados citados nos puntos anteriores poderán participar as organizacións profesionais

agrarias e o sector produtor de sementes e plantas de viveiro.

Disposición adicional terceira. *Protección do consumidor.*

O disposto nesta lei enténdese sen prexuízo da normativa aplicable en materia de protección dos consumidores e usuarios.

Disposición adicional cuarta. *Información recíproca integrada Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación/comunidades autónomas.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, conxuntamente coas comunidades autónomas, implantará unha coordinación informatizada en que sexa recollida a información derivada de todo o referente á produción de sementes e plantas de viveiro, que deberá ser actualizada en tempo real.

2. O Goberno dotará, nos orzamentos xerais do Estado, de medios técnicos e humanos tanto a Oficina Española de Variedades Vexetais coma o Centro de Identificación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria para actualizar o Rexistro de variedades.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación coordinará coas comunidades autónomas, as organizacións agrarias e o sector produtor máis representativo unha Mesa nacional de loita contra a fraude nas sementes.

Disposición adicional quinta. *Aplicación de incentivos fiscais por investigación, desenvolvemento e innovación, aplicables aos proxectos de experimentación ou ensaio de variedades.*

No marco do vixente réxime tributario común, o Ministerio de Economía e Facenda verificará a congruencia da aplicación do establecido sobre deducións na normativa do imposto de sociedades aos gastos en que incorran as empresas produtoras de sementes en actividades de investigación, desenvolvemento e innovación, singularmente nos proxectos de experimentación ou ensaio de variedades.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.*

As solicitudes de inscrición que se presentasen no Rexistro de variedades comerciais con anterioridade á entrada en vigor desta lei serán tramitadas e resoltas conforme a normativa legal vixente na data de presentación.

Disposición transitoria segunda. *Réxime aplicable ás variedades inscritas no Rexistro de variedades comerciais de acordo coa lei anterior.*

As variedades inscritas no Rexistro de variedades comerciais conforme a Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro, rexeranse polas disposicións desta nova lei, desde a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogada a Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro, así como cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ao establecido nesta lei.

2. Queda derogado o artigo 21 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

3. Mentres non se desenvolva regulamentariamente esta lei, manterán a súa vixencia os preceptos dos regulamentos que desenvolvían a Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro, sempre que non se opoñan ás disposicións desta lei.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, excepto o establecido nos seguintes artigos e disposicións:

a) O artigo 34, o título VI no relativo aos intercambios con países terceiros e a disposición adicional primeira, que se ditan ao abeiro do establecido no artigo 149.1.10.<sup>a</sup>, segundo inciso, da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

b) Os artigos 8, 47.3 e 4, 48, 49.1 e 2 e 50, que se ditan ao abeiro do previsto no artigo 149.1.15.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

c) O título II, excepto o seu artigo 8, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.9.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade intelectual e industrial.

d) O título V, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.<sup>a</sup>, primeiro inciso, da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento da lei.*

Autorízase o Goberno para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos trinta días da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Palma de Mallorca, 26 de xullo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**13649** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto lei 6/2006, do 23 de xuño, sobre pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas. («BOE» 179, do 28-7-2006.)*

Advertidos erros no Real decreto lei 6/2006, do 23 de xuño, sobre pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 9 en lingua galega, do 1 de xullo de 2006, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1404, segunda columna, no artigo 1.1, onde di: «M.<sup>a</sup> Pilar Cabrejas Murillo», debe dicir: «M.<sup>a</sup> Pilar Cabrejas Burillo» e onde di: «Ana M. de Fátima Romero Ortiz», debe dicir: «Alicia María de Fátima Romero Ortiz».